

Teleconferencia con Webex



Webex Meetings



1. O profesorado de cada área, ámbito, materia ou módulo e o alumnado do grupo deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos, que no caso dos centros públicos son os que garanten o tratamento seguro dos datos de carácter persoal, á hora que se establece no correspondente cadro horario diario incorporado ao Plan de Continxencia do centro.


Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021

Antes da conferencia

- **Descargar Webex** → programa para Windows, Mac, Android
- **Entrar en Webex** → conta de edu.xunta.gal
- **Comprobar actualizacións** → manter o programa ao día sempre
- **Configurar vídeo e son** → probar son e vídeo antes da teleconferencia
- **Configurar permisos** → son apagado ao entrar e imposible de
- **participantes** → compartir pantalla
- **Gravar a sesión** → configura a gravación para que soamente saia a pantalla do ordenador.

Descargar Webex


Tamén se pode empregar Webex dende o navegador, sen instalar programas, pero non é o recomendable



[Descargar Webex](#)

Entrar en Webex


Lembra empregar a túa conta co dominio .gal e co contrasinal que escolleches a primeira vez. Se non o lembrás ou non che deixa acceder preme en “esquecín o contrasinal”



[Entrar en Webex](#)

Comprobar actualizaciones


Mantén ao día o programa Webex Meetings para evitar a entrada de virus no teu ordenador e beneficiarte das novas opcións de Webex



[Comprobar actualizaciones](#)

Configurar son


Empregar cascos para as reunións mellora moito a calidade de son. Prepara o ordenador para que non teñas problemas cando tes a conferencia



[Configurar son](#)

Configurar vídeo


Prepara bien o lugar onde vas colocar o ordenador para que non haxa sombras sobre a túa cara. Configura o vídeo para manter a túa privacidad.



[Configurar vídeo](#)

Configura os permisos dos participantes


Para evitar que certos alumnos/as boicoteen a reunión compre decidir que pode facer o alumnado durante a reunión e deixar esa configuración para todas as reunións



[Configurar permisos dos participantes](#)






Gravar sesión

É unha boa práctica gravar as sesións para que o alumnado que non se puido conectar teña a oportunidade de ver a sesión.




Editor de grabación de Webex

Durante a conferencia

- O menú do programa  localiza o menú
- Participación dos asistentes  configuración de permisos e distribución da palabra
- Compartir pantalla  comparte as túas presentacións ou unha folla en branco onde escribir
- Gravar a reunión  Grava a reunión na nube ou no teu ordenador.
- Realizar sondeos e cuestionarios  Realiza e grava os resultados dos cuestionarios dunha reunión

O menú do programa

Todas as configuracións realizadas antes de iniciar a reunión podes cambialas desde este menú.



[O menú do programa](#)

Cando os asistentes participan


Dende dentro da reunión poden cambiarse tamén permisos importantes para que ningún asistente se faga co control da reunión. Ademais, podes controlar quen pide a palabra e xestionar a súa participación



Participación dos asistentes

Compartir pantalla


É interesante compartir diapositivas, documentos ou unha ventana en branco para escribir mentres falas. Se tes que escribir fórmulas, unha tablet con lápiz óptico é unha boa opción.



[Compartir pantalla](#)

Compartir o son do meu ordenador


Se durante unha reunión quero reproducir para o alumnado algún sonido (música, listening...) e incluso poñer un vídeo teño que fixarme no modo de compartir a pantalla



[Compartir son do meu ordenador](#)

Gravar a reunión


É unha boa práctica gravar a reunión e compartir esta co alumando que non puido estar na sala. Fai especial fincapé en que nas gravacións non saian os participantes.



Gravar sen que saian os participantes

Realizar cuestionarios e sondeos

Podes realizar sondeos para pasar lista, para preguntar pequenas cuestións sobre o que estás a falar. Interactuar cos participantes é moi importante para manter a súa atención



Realizar cuestionarios rápidos